

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE REGULAR DE VIAXEIROS NA MODALIDADE DE CONCESIÓN NO CONCELLO DE LUGO

Sendo as 12:00 horas do día 10 de setembro de 2014, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma Sra. Rosana Rielo Rozas, Oitava Tenente de Alcalde en substitución da Concelleira delegada da área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, actuando como vocais, dona M^a Esther Muñoz Mella, polo Grupo Municipal do P.S de Galicia PSOE, don Angel Trabada Gomez polo Grupo Municipal do Partido Popular, dona Paz Abreira Sobrado polo Grupo Municipal do BNG, don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral do Concello, dona María García Ferro, pola Asesoría Xurídica e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, Xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello. Tamén asiste ao final do acto don Alberto Ejido Martínez, en representación de SALAMANCA DE TRANSPORTES S.A.

Abre a sesión a Sra Presidenta e procédese por parte do Secretario a dar conta aos membros da mesa que segundo consta no informe do negociado de rexistro da data 9 de setembro de 2014, presentáronse neste procedemento as seguintes plicas:

1. SALAMANCA DE TRANSPORTES S.A
2. MARFINA BUS S.A.
3. AUTOBUSES URBANOS DE LUGO S.A

Procédese a continuación á apertura da documentación administrativa co seguinte resultado:

SALAMANCA DE TRANSPORTES S.A presenta a seguinte documentación:

- Copia da escritura de constitución da compañía SALAMANCA DE TRANSPORTES S.A.
- Copia da escritura de adaptación de estatutos da compañía SALAMANCA DE TRANSPORTES S.A
- Copia da escritura de ampliación de capital da compañía SALAMANCA DE TRANSPORTES S.A
- Copia da escritura de traslado de domicilio da sociedade SALAMANCA DE TRANSPORTES .SA
- Copia da escritura de reelección e nomeamento de conselleiros.
- Copia do DNI do representante legal da empresa, don Alberto Egido Martínez.
- Copia da escritura de apoderamento a favor de don Alberto Egido Martínez.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA

Refª: Acta apertura documentación administrativa

Asunto:

- Dilixencia de bastanteo de poder.
- Copia da escritura de acta de manifestacións da sociedade SALAMANCA DE TRANSPORTES S.A.
- Certificado da Axencia Tributaria de atoparse ao corrente das obrigas tributarias.
- Certificado de atoparse ao corrente nas obrigas coa Seguridade Social.
- Xustificante de alta no IAE.
- Últimos recibos do IAE.
- Declaración responsable de non terse dado de baixa no IAE.
- Declaración relativa á autorización do órgano competente para a realización de transporte urbano público de viaxeiros por autobús en Salamanca.
- Certificados de capacitación profesional para o exercizo da actividade de transporte interior de viaxeiros de don Gregorio Ruiz Moreno, don Alberto Egido Martínez e don Alfredo Ibañez Escribano.
- Currículum do equipo directivo de Grupo Ruiz e da dirección de SALAMANCA DE TRANSPORTES S.A
- Acreditación da solvencia económica mediante declaración de tres entidades financeiras, CAIXABANK, SANTANDER e BBVA.
- Contas anuais aprobadas e inscritas nos exercizos 2010, 2011 e 2012.
- Declaración sobre o volume global de negocios da sociedade SALAMANCA DE TRANSPORTES S.A
- Certificado do Excmo. Concello de Salamanca acreditativo da xestión do servizo de transporte público urbano de viaxeiros mediante autobuses na cidade de Salamanca.
- Certificados de calidade obtidos por SALAMANCA DE TRANSPORTES S.A de cumprimento das normas UNE EN 13816, UNE EN ISO 14001, UNE EN ISO 9001 e BS OSHAS 18001.
- Compromiso de constitución dunha futura sociedade anónima titular da concesión.
- Xustificante de constitución da garantía provisional.

MARFINA BUS S.A. presenta a seguinte documentación

- Compromiso de constitución dunha futura sociedade anónima titular da concesión.
- Copia de escritura de adaptación de estatutos sociais e cambio de denominación social.
- Código de identificación fiscal de MARFINA BUS S.A
- Copia da escritura de cese e nomeamento de cargos e modificación estatutaria.
- Dilixencia de bastanteo de poder.
- Copia do DNI do apoderado, don José María Martí Escursell.
- Declaración responsable de ter capacidade de obrar e non estar incurso en prohibición para contratar.



- Acreditación da solvencia económica mediante informe de BANCO SABADELL.
- Contas anuais debidamente aprobadas e inscritas, dos exercizos 2011, 2012 e 2013.
- Declaración sobre o volume global de negocios da sociedade MARFINA BUS S.A
- Relación dos principais traballos realizados por esta sociedade nos últimos tres exercizos, acompañados dos certificados correspondentes.
- Certificados de calidade obtidos por MARFINA BUS S.A de cumprimento das normas UNE EN 13816, UNE EN ISO 14001, UNE EN ISO 9001 e BS OSHAS 18001.
- Xustificante de constitución de garantía provisional.
- Declaración responsable de non terse dado de baixa do IAE.
- Xustificante de alta no IAE.
- Últimos recibos pagados do IAE.
- Certificados de capacitación profesional para o exercizo da actividade de transporte interior de viaxeiros de don Josep María Martí Escursell.

AUTOBUSES URBANOS DE LUGO S.A presenta a seguinte documentación:

- Xustificante de constitución de garantía provisional.
- Código de identificación fiscal de AUTOBUSES URBANOS DE LUGO S.A
- Copia do DNI de don Raúl José López López
- Copia da escritura de constitución da empresa AUTOBUSES URBANOS DE LUGO S.A
- Copia da escritura de modificación de natureza das accións, adaptación de estatutos sociais, cese e designación de cargo e revoación de poder.
- Copia da escritura de elevación a público de acordo de traslado de domicilio social.
- Copia da escritura de elevación a público de acordos sociais.
- Dilixencia de bastanteo de poder.
- Declaración responsable de ter capacidade de obrar e non estar incurso en prohibición para contratar.
- Xustificante de alta no IAE e últimos recibos pagados.
- Declaración responsable de non terse dado de baixa no IAE.
- Certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da C.A de Galicia.
- Declaración responsable de vixencia dos datos anotados no Rexistro de licitadores.
- Autorización do órgano competente para a realización de transporte urbano público de viaxeiros.
- Certificados de capacitación profesional para o exercizo da actividade de transportede viaxeiros de don Raúl José López López.
- Acreditación da solvencia económica e financeira mediante informe de CAIXABANK.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA

Refª: Acta apertura documentación administrativa

Asunto:

- Contas anuais debidamente aprobadas e inscritas, dos exercizos 2011, 2012 e 2013.
- Declaración sobre o volume global de negocios da sociedade AUTOBUSES URBANOS DE LUGO S.A
- Certificado de clasificación empresarial.
- Relación dos principais traballos realizados por esta sociedade nos últimos tres exercizos, acompañados dos certificados correspondentes.
- Certificados de calidade obtidos por AUTOBUSES URBANOS DE LUGO S.A de cumprimento das normas UNE EN 13816, UNE EN ISO 14001, UNE EN ISO 9001 e BS OSHAS 18001.
- Compromiso de constitución dunha futura sociedade anónima titular da concesión.

Tras o examen da documentación presentada polas tres empresas, os integrantes da mesa acordan por unanimidade:

- Conceder un prazo de tres días hábiles á empresa SALAMANCA DE TRANSPORTES S.A para que aclare, en relación coa xustificación da súa solvencia económica, por que non se presentan as contas do exercizo 2013 (constan na documentación as contas anuais, debidamente aprobadas e inscritas, dos exercizos 2010, 2011 e 2012).
- Solicitar informe da intervención xeral do Concello para aclarar si se desprende un resultado global positivo dos últimos tres exercizos á vista das contas presentadas por MARFINA BUS S.A.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA



Asdo. Rosana Rielo Rozas



O SECRETARIO



Asdo: Manuel Louzao ALdariz